

Políticas Activas de Empleo

PTE “COSTA DA MORTE”

Xuño 2010

ANÁLISE DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

Políticas analizadas

Programas mixtos de formación e emprego (obradoiros de emprego e escolas obradoiro)
Formación profesional ocupacional para desempregados
Formación profesional ocupacional para ocupados
Programas de cooperación
Programas integrados de emprego
Rede Técnicos locais de emprego (TLE)
Orientación Laboral

Fontes consultadas

CUANTITATIVAS

-Datos da Consellería de Traballo e Benestar
-Datos proporcionados polos Técnicos das Entidades

CUALITATIVAS

-Ordes de convocatoria dos distintos programas
-Mesas de traballo cos técnicos das entidades

DEFINICIÓN POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

“...conxunto de programas e medidas de orientación, emprego e formación que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego dos desempregados no mercado de traballo, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recalificación para o emprego dos traballadores, así coma aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social.”
(Lei 56/2003 de emprego, de 16 de decembro)

PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

OBXECTO, TIPOS E COLECTIVOS

Os programas mixtos de formación e emprego, son promovidos por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas maiores ou menores de vintecinco anos, segundo proceda, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

Tipos:

- **Escolas Obradoiro.**
- **Casas de oficios.**
- **Obradoiros de Emprego.**

Colectivos Beneficiarios / Orde de preferencia ca seguinte proporción:



- ❖ As mulleres deberán supoñer, no seu conxunto, cando menos, o 62% das persoas beneficiarias.
- ❖ As persoas demandantes de primeiro emprego serán un 22%, das cales serán mulleres o 55%.
- ❖ Os/as demandantes de emprego sen formación de tipo profesional serán o 78% das persoas beneficiarias, das cales serán mulleres o 59%.

Normativa:

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.


DISTRIBUCIÓN E BENEFICIARIOS

Programas Mixtos nos concellos do Pacto (2000 - 2009)			
Concellos	OE	EO	Total
Camariñas	2	1	3
Carnota	2	1	3
Carballo	1	4	5
Coristanco	2	0	2
Cee	2	1	3
Laracha	3	0	3
Muxía	2	0	2
Sta. Comba	4	0	4
Cabana	1	1	2
Dumbría	4	0	4
Muros	3	0	3
Laxe	1	0	1
Ponteceso	1	0	1
Vimianzo	1	0	1
Fisterra	1	0	1
Malpica	1	0	1
Mazaricos	1	0	1
Zas	1	0	1
Corcubión	0	0	0
Total Pacto	33	8	41




- ❖ 41 Programas Mixtos (2000 – 2009).
- ❖ 33 Obradoiros de emprego.
- ❖ 8 Escolas obradoiro.
- ❖ 1.483 beneficiarios.

DISTRIBUCIÓN NO PACTO




ACTIVIDADES ECONÓMICAS DAS ESPECIALIDADES

Especialidades dos Progr. Mixtos no Pacto segundo Actividade Económica (2000 - 2009)



■ Construcción (45)	■ Ind. Madeira (20)
■ Electricidade (40)	■ Fabricación Produtos Metálicos (28)
■ Agricultura, gandeiría (01)	■ Hostalería (55)

Beneficiarios dos Progr. Mixtos no Pacto segundo Actividade Económica (2000 - 2009)




■ Construcción (45)	■ Ind. Madeira (20)
■ Electricidade (40)	■ Fabricación Produtos Metálicos (28)
■ Agricultura, gandeiría (01)	■ Hostalería (55)

Na Costa da Morte e no período analizado, estes programas concentráronse principalmente en **3 actividades económicas**, que englobaron o **91,20% do total de especialidades** e o **92,72 dos beneficiarios**. De seguido, amosáanse as porcentaxes en relación ao total de especialidades e ao número de beneficiarios, respectivamente:


- **Construcción** (49,6% / 51,79%)
- **Agricultura – gandeiría** (21,6% / 20,84%)
- **Industria da madeira** (20% / 20,09%)

OBRADOIROS DE EMPREGO (2000 – 2009)

Evolución número de OE no Pacto (2000 - 2009)



Poboación beneficiaria dos OE no Pacto (2000 - 2009)




○ Destinatarios: Desempregados/as > 25 anos.

○ Salario: 150% do IPREM.

○ Duración: 1 ano.

33 obradoiros de emprego no Pacto = **1.134 persoas formadas** = 76,47%
usuarios do total de Programas Mixtos de Formación e Emprego (OE/CO/EO).

OBRADOIROS DE EMPREGO (Especialidades 2000 – 2009)



Agrupando por actividades económicas, o **sector da construción** abarca o **51%** das especialidades impartidas en tódolos Obradoiros de Emprego do Pacto e o **24%** está relacionado coa **agricultura – gandeiría** (actividades vinculadas á ocupación de xardinaría). É salientable que non existiu ningún obradoiro que desenvolvera especialidades relacionadas cos novos viveiros de emprego

3 especialidades concentran o 72,34% do total:

- Albanelería.
- Carpintería.
- Xardinaría.

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA

Año 2009 (Obradoiros de emprego)

Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Carnota	721.058,40	34	21.207,60	Albanelaría, Carpintaría, Xardinaría
Muros	699.850,80	33	21.207,60	Carpintaría, Cachotaría, Xardinaría
Mazaricos	530.190,00	25	21.207,60	Albanelaría, Carpintaría
Sta. Comba	530.190,00	25	21.207,60	Albanelaría, Carpintaría
Custo Medio por alumno		117	21.207,60	

Año 2008 (Obradoiros de emprego)

Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Dumbría	1.017.468,00	25	40.698,72	Pavimentar con lastros, xardinaría
Fisterra	613.648,80	25	24.545,95	Pavimentar con lastros, xardinaría
Malpica	920.473,20	25	36.818,93	Albanelaría, cachotaría
Muxía	920.447,29	25	36.817,89	Carpintaría, cantaría
Zas	915.721,20	25	36.628,85	Albanelaría, xardinaría
Custo Medio por alumno		125	35.102,07	

Año 2007 (Obradoiros de emprego)

Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Carnota	686.624,40	35	19.617,84	Albanelaría, cachotaría, xardinaría
Cee	588.535,20	30	19.617,84	Pavimentar con lastros, xardinaría
Dumbría	878.050,80	45	19.512,24	Albanelaría, carpintaría, xardinaría, pavimentar con lastros
Laracha	936.587,52	48	19.512,24	Albanelaría, carpintaría, cachotaría, xardinaría
Muros	784.713,60	40	19.617,84	Albanelaría, pintura, electricista-fontaneiro
Custo Medio por alumno		198	19.575,60	

Año 2009

117 persoas

21.207,60 €/alumno
(idéntico nos 4 obrad.)

Año 2008

125 persoas,

35.102,07 €/alumno


Año 2007

198 persoas formadas

19.575,60 €/alumno

O custo económico calcúlase dividindo o orzamento da subvención percibida para a realización do Obradoiro de Emprego entre o número total de alumnos participantes.


ESCOLAS OBRADOIRO




- ❖ 8 Escolas obradoiro.
- ❖ 4 no Concello de Carballo.
- ❖ 5 concellos beneficiarios.

ESCOLAS OBRADOIRO (2000 - 2009)

Evolución número de EO no Pacto (2000 - 2009)



Poboación beneficiaria das EO no Pacto (2000 - 2009)




- Destinatarios: **Desempregados/as < 25 anos.**
- Salario: **75% do IPREM**, a partir dos 6 meses, na etapa de alternancia co traballo.
Na etapa formativa non perciben salario.
- Duración: variable entre 1 e 2 anos.

8 escolas obradoiro no Pacto = **349 persoas formadas** = 23,53% usuarios do total de Programas Mixtos de Formación e Emprego (OE/CO/EO).

ESCOLAS OBRADOIRO (Especialidades 2000 - 2009)

Especialidades EO Pacto (2000 - 2009)



Ao igual que sucede nos obradoiros de emprego, as especialidades céntranse nunhas poucas actividades económicas: **construción (70%), xardinaría (15,38%), forxa (3,85%) e sector turístico (11,55%)**. Esta última destaca como unha iniciativa innovadora nestes programas formativos.

4 especialidades concentran o 57,68% do total:

- Carpintería.
- Xardinaría.
- Cantaría.
- Albanelería.

Desenvolvéronse **13 especialidades** e **26 módulos**, porque ningunha escola obradoiro executou unha única especialidade.

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA

Ano 2008 (Escolas obradoiro)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Carballo	1.201.548,22	40	30.038,71	Albanelaría, cantaría, electricidade, xardinaría, carpintaría de aluminio
Custo Medio por alumno		40	30.038,71	

Ano 2007 (Escolas Obradoiro)				
Concellos	Orzamento	Nº alumnos	Custo por alumno	Especialidades
Cabana	451.511,76	24	18.812,99	Albanelaría, carpintaría
Camariñas	752.519,60	40	18.812,99	Cociña, camareiro restaurante-bar, animador turístico e sociocultural
Custo Medio por alumno		64	18.812,99	

No ano 2007 formáronse 64 alumnos en 2 escolas obradoiro, o cal supón un custo por alumno de 18.812,99 €. No ano 2008 fixérono 40 alumnos nunha única escola obradoiro, cun custo de 30.038,71 € por alumno formado. No ano 2009 non se iniciou ningunha escola obradoiro.

O custo económico calcúlase dividindo o orzamento da subvención percibida para a realización do Obradoiro de Emprego entre o número total de alumnos participantes.

DIFICULTADES PERCIBIDAS POLOS AXENTES DE EMPREGO

1. En moitos casos, o alumnado non percibe estes programas como unha oportunidade de cualificación profesional senón como un período laboral temporal.
2. O perfil do alumnado das escolas obradoiro é moi complexo xa que están en idades difíciles, non teñen motivación para traballar e descoñecen o funcionamento destes programas. Os pais dos alumnos non apoian ao persoal docente.
3. As condicións laborais das que pode desfrutar o alumnado nestes programas, non se axustan á realidade do mercado laboral.
4. É difícil que xurdan emprendedores, xa que os participantes non están realmente interesados en aprender un oficio.
5. As especialidades formativas seleccionadas para impartir nos programas mixtos, non teñen en conta as necesidades do mercado de traballo, podendo existir distintas causas:
 - Atender só a execución de obras que necesita desenvolver a entidade promotora ou aproveitar infraestruturas das que xa dispoñen.
 - Dificultade á hora de concesión e homologación por parte da Administración de especialidades innovadoras que se adecúen ao mercado laboral.

FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL PARA DESEMPREGADOS

OBJECTO E NORMATIVA

O **obxecto** da formación ocupacional, é a **cualificación profesional dos traballadores/as** para a súa incorporación ao mercado laboral, **centrándose na formación relacionada coas demandas das empresas**, mellorando as súas competencias profesionais.

Regulada por:


- ❖ **R.D. 69/1993, do 10 de marzo**, que regula as funcións e servizos da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Formación Profesional Ocupacional
- ❖ **R.D. 395/2007, do 23 de marzo**, que regula o subsistema de Formación Profesional para o Emprego
- ❖ **R.D. 34/2008**, regula os certificados de profesionalidade, aínda que nalgúns casos exista outra regulación para cada certificado.

Realízase a través de:

- ❖ **Accións Formativas para Desempregados (AFD)**, anteriormente denominadas Formación para a Inserción Profesional (FIP).
- ❖ **Accións formativas de carácter experimental** e complementarias do Plan FIP, cofinanciadas polo **Fondo Social Europeo (FSE) (2008)**.

ACCIÓNS FORMATIVAS E ESPECIALIDADES

Distribución especialidades accións formativas Pacto 2008 - 2009 (%)



☐ 50 cursos / 28 especialidades.

Especialidades máis impartidas:

☐ Empregado de Oficina (16% do total).

☐ Carpinteiro (6%).

☐ Aux. de axuda a domicilio (6%).


FAMILIAS E ACCIÓNS FORMATIVAS MÁIS PROGRAMADAS

➤ **Administración e Xestión** / 16 cursos (32%)

➤ **Servizos Sociocultur. e á Comunidade** / 6 cursos (12%)

➤ **Téxtil, confección e pel** / 6 cursos (12%).

➤ **Madeira, moble e cortiza** / 5 cursos (10%)



ESPECIALIDADES E CENTROS HOMOLOGADOS

Na Costa da Morte hai, na actualidade, 27 entidades cun total de 29 centros homologados. A distribución destes centros por comarcas é a seguinte:

Bergantiños: 17 (58,62%)

Fisterra: 4 (13,79%)

Soneira : 3 (10,34%)

Xallas: 3 (10,34%)

Muros: 2 (6,90%)

○ No período 2008-2009 houbo 40 especialidades homologadas e 87 de interese no Pacto. O número de especialidades con ambalasdúas características foi de 19.

○ No Pacto, neste ano 2010 as especialidades homologadas foron 41 e as de interese 32. As especialidades homologadas e de interese ascenden a 12.

○ Na programación FIP/AFD 2008-2009 na Costa da Morte aprobáronse 11 cursos homologados e de interese, o que supón o 57,89% do total deste tipo de especialidades no Pacto (19).

○ Os cursos homologados e de interese na programación AFD 2010 son 8, o 66,67% do total das especialidades con estas 2 características.

○ No 2008-2009 houbo 21 especialidades homologadas non consideradas de interese en ningunha comarca, e no 2010 este tipo de especialidades son 29.

○ No período 2008-2009, das 9 especialidades formativas consideradas de interese nas cinco comarcas do Pacto, só 2 estaban homologadas: *electricista de edificios e carpinteiro*.

No 2010 só hai 4 especialidades consideradas de interese nas cinco comarcas do Pacto e ningunha delas está homologada.

○ Especialidades Non homologadas pero de interese nas 5 comarcas:

2008 - 2009	Albanel
	Mantedor reparador de edificios
	Instalacións de enerxías renovables en edificios
	Electricista de mantemento
	Camareiro/a de restaurante-bar
2010	Carpinteiro metálico e de pvc
	Auxiliar de axuda a domicilio
	Atención sociosanit. a persoas dependentes en instituc. soc.
	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos
	Atención especializada para enfermos de Alzheimer

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA

A familia formativa de menor custo por hora e por alumno foi a de “**Servizos socioculturais e á comunidade**” con **9,1 €/hora e alumno**. Pola contra, a familia que supuxo un maior custe por alumno foi a de “**Fabricación mecánica**” con **12,6 €/hora e alumno**.

Dentro das distintas especialidades, a que supón un menor custe foi a de “**Empregado de oficina**”, con custe de **8,94 €/hora e alumno**, seguida moi de cerca pola de “**Auxiliar de axuda a domicilio**” con **8,99 €/hora e alumno**. A especialidade máis custosa é a de “**Carpinteiro metálico e de PVC**”, con **12,75 €/hora e alumno**.

DIFICULTADES PERCIBIDAS POLOS AXENTES DE EMPREGO

1. Requisitos de homologación non actualizados fan que se empreguen equipamentos obsoletos ou que se opte por homologar as especialidades máis fáciles e menos custosas, aínda que non sexan as máis axeitadas ao mercado laboral. Deberíase dar a posibilidade aos concellos para homologar por convenio.
2. A eliminación de especialidades prioritarias no informe de priorización comarcal do ano 2010, provoca que as inversións feitas en anos anteriores para impartir formación de especialidades que naqueles momentos sí eran prioritarias, queden abandonadas.
3. Os empresarios valoran estes programas, pero os postos que ofertan están mal remunerados.
4. Non é igual de fácil o cumprimento do requisito de inserción laboral por parte dos concellos que por parte da empresa privada, sen embargo están regulados pola mesma orde.
5. Sería preciso a creación de centros de formación comarcais, para evitar a impartición dos mesmos cursos na maioría dos concellos da Costa da Morte.
6. Non existe unha complementariedade entre a formación regrada e a formación ocupacional.
7. A formación non debería ser ofertada por empresas privadas, xa que supón un negocio para ditas empresas.

FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL PARA OCUPADOS

OBJECTO E NORMATIVA

O obxecto é regular as iniciativas de formación dirixidas á reciclaxe e recualificación de traballadores dos sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción e metal (preferentemente do sector de automoción) e aqueles outros sectores que como consecuencia da crise económica tivesen unha perda da afiliación a Seguridade Social superior ao 1%, no momento da publicación desta orde, correspondentes ao exercicio de 2009, xestionadas pola Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Normativa:

- ❖ Orde do 13 de febreiro de 2009 para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo FSE.

PROGRAMACIÓN FSE PARA OCUPADOS

Programación FSE ocupados 2009 no territorio do Pacto:

- **5 concellos** (Carballo, Cee, Santa Comba, Vimianzo e Zas).
- **40 cursos, de 21 especialidades e 10 familias formativas.**
- **Textil, confección e pel (TCP - 25%)**
- **Fabricación mecánica (FME - 25%)**

FAMILIAS	ESPECIALIDADES	Nº ACC. FORM.	CONCELLO
TCP	Organización produción en confección calzado e marroquería	1	Carballo
	Reciclaxe operario do textil	7	Carballo, Cee
	Procesos produtivos en confección	1	Carballo
	Maquinista de confección industrial	1	Vimianzo
ADG	Prevenición de riscos laborais	1	Carballo
	Sistemas integrados de xestión	1	Cee
	Inglés empresarial e técnicas traballo en equipo	2	Cee
TMV	Operador carretilla elevadora	1	Carballo
EOC	Plataformas elevadoras móbiles	1	Carballo
	Operario máquina - pala e retroexcavadora	1	Santa Comba
SEA	Rescate en altura	1	Carballo
FME	Soldadura MIG - MAG	5	Cee
	Electromecánica	2	Cee
	Automatismos industriais e técnicas de soldeo	1	Cee
	Caldeirería	2	Cee
IFC	Informática empresarial	2	Cee
	Técnicas de alacénaxe e xestión informática na empresa	1	Zas
IMA	Utilización e mantemento e riscos asociados ao uso de maquinaria	1	Cee
	Manexo de riscos carretilla elevadora, puente	5	Cee
ENA	Enerxías renovables e eficiencia enerxética	1	Cee
SAN	Emerxencias industriais e primeiros auxilios	2	Cee

CONTRATOS PROGRAMA

Teñen como finalidade tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados, calquera que sexa o sector ou actividade. Poden ser sectoriais ou intersectoriais, e pódenos solicitar as organizacións empresariais e sindicais.

Normativa:

Orde do 6 de agosto de 2007 pola que se aproba a convocatoria, de ámbito autonómico, para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de persoas traballadoras ocupadas, en aplicación da Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo correspondentes ao exercicio de 2007.

Como a programación non se publicou desagregada por ámbito xeográfico, non se puideron recompilar datos.

DIFICULTADES PERCIBIDAS POLOS AXENTES DE EMPREGO

1. O empresariado non sempre ve a formación dos traballadores como unha oportunidade de beneficio para a empresa, xa que non se percibe que unha mellora das competencias dos empregados tamén poida repercutir no rendemento da mesma.
2. Os empresarios só lle facilitan aos traballadores aquela formación que se lle esixe por lei. (PRL).
3. Por norma xeral as empresas non facilitan o acceso a formación dos traballadores en horario laboral.
4. Nos concellos de menor poboación é difícil atopar persoal do mesmo sector para realizar a acción formativa.
5. Debería darse a oportunidade de formar a ocupados e desempregados simultaneamente.

FORMACIÓN PROFESIONAL REGRADA

ESPECIALIDADES

Regulada por:

❖ LOE 2/2006

Estructura:

❖ **26 famil. Profes. en Galicia**

(22 no curso 2009 – 2010)

❖ **Ciclos de Grao Medio e Superior.**

❖ **PCPI** (Programas de Cualificación Profesional Inicial - alumnos/as >16 anos que non posúan o título de Graduado en E.S.O.)

❖ **Educación para Adultos.**

Distribución no Pacto segundo

familias:

Electricidade e electrón.: (28,57%)

Administración e xestión: (14,29%)

Informática e comunicación: (14,29%)

Agraria (7,14%)

Comercio e marketing (7,14%)

Fabricación mecánica (7,14%)

Instalación e mantemento (7,14%)

Sanidade (7,14%)

Transporte e mantemento de vehículos (7,14%)

Nº DE CENTROS: 11

ESPECIALIDADES: 14

- C.M. Comercio
- C.M. Xestión Administrativa (5)
- C.M. Equipos e instalacións electrotécnicas (*extinción/1)
- C.M. Equipos electrónicos de consumo
- C.M. Mecanizado
- C.S. Desenvolvemento de produtos electrónicos
- C.S. Administración e Finanzas (4)
- C.M. Instalacións eléctricas e automáticas (5)
- C.S. Administración de sistemas informáticos
- C.M. Explotacións agrarias extensivas
- C.M. Electromecánica de vehículos (2)
- C.M. Sistemas microinformáticos e redes
- C.M. Coidados auxiliares de enfermaría
- C.M. Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas

PCPI's (Modalidade A): tódolos módulos obrigatorios se imparten no mesmo centro formativo, agás a formación en centros de traballo.

- PCPI de servizos administrativos (2)
- PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións
- PCPI de mantemento de vehículos (3)
- PCPI de servizos de restauración

*Entre paréntese o número de centros onde se imparte esa especialidade.

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

OBJECTO E NORMATIVA


Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións que, baixo a rúbrica xeral de programas de cooperación, están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través da contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Normativa:


Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.

CONTRATACIÓNS 2008 - 2009

Traballadores Desempregados (99,12% Total Contratac. Cooperac.)




Mulleres Víctimas Violencia (0,88% Total Contratac. Cooperac.)



CONTRATAÇÃO TRABALLADORES DESEMPREGADOS

2008 - 2009

Contratações Desempreg. no Pacto a través de Progr. de Cooperación (2008 - 2009)



DIFICULTADES PERCIBIDAS POLOS AXENTES DE EMPREGO

1. As obras ou servizos que se executan non buscan nichos de emprego, senón cubrir as necesidades propias e puntuais das entidades beneficiarias, polo cal o persoal dalgunhas especialidades como a construción é moito maior que o doutras (ex: administración).
2. As veces é difícil cumprir cos requisitos que establece a orde en canto a selección dos candidatos.
3. Os traballadores non teñen período de formación.
4. Non existe un compromiso de contratación posterior, nin un seguimento de inserción laboral posterior.
5. Os contratos son de pouca duración, polo que o período de tempo para aprender a actividade tamén é moi reducido.

PIEG

OBJECTO E NORMATIVA


O obxecto coincide co dos programas de cooperación descrito con anterioridade pero o financiamento só pode ser destinado por parte dos concellos para a contratación de traballadores desempregados/as para a realización das seguintes actividades :

- Actuacións cos concellos incorporados á Rede Natura 2000-Lugares de importancia comunitaria (Zonas LIC) para a promoción do emprego nas ocupacións relacionadas cos novos viveiros de emprego vinculados ao medio ambiente coa supervisión técnica da Consellería de Medio Ambiente.
- Actuacións cos concellos e organizacións sen ánimo de lucro co fin de mellorar as condicións de vida dos colectivos en risco de exclusión social, especialmente aqueles destinados a acadar un mellor posicionamento no mercado laboral, ben a través da súa contratación para a adquisición de experiencia, ou ben por medio da realización de servizos tendentes á mellora da súa empregabilidade.
- Actuacións cos concellos para a creación de empresas de economía social ou servizos que formen e doten de experiencia laboral as persoas desempregadas na atención ás persoas dependentes.
- Actuacións nos concellos rurais coa finalidade de mellorar a empregabilidade exclusivamente de mulleres desempregadas e de persoas paradas maiores de 45 anos mediante a adquisición de experiencia profesional em actividades de utilidade pública ou interese social e, especialmente, as que rehabiliten o contorno e núcleos rurais
- Actuacións cos concellos para a promoción do emprego mediante a capacitación e adquisición de experiencia de traballadores e traballadoras en situación de desemprego no ámbito do arquivo, da xestión de documentos, de acceso a documentación dos cidadáns e a promoción e difusión do patrimonio documental e coa intención de promocionar a creación e consolidación nos concellos, especialmente rurais, da figura do arquiveiro.

Normativa:

Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se amplían os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego de Galicia.

CONTRATACIÓNS 2008



Peóns Limpeza: 4,76%

Aux. Admtvo.: 2,38%

Monitor Deportivo: 2,38%

PROGRAMAS EXPERIMENTAIS PARA O EMPREGO (PEE)

OBXECTO E NORMATIVA

O obxecto desta orde é a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á colocación no mercado de traballo das persoas desempregadas, mediante o ensaio de fórmulas experimentais de actuación e tratamento integrado da inserción laboral.

Normativa:

Orde do 5 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2008 e 2009 de programas experimentais en materia de emprego.

CARACTERÍSTICAS (2008 – 2009)

- Tratamento integrado da inserción laboral: **información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.**
- Xeralmente: **Nº Desempregados ≥ 100 (nunca inferior a 60) e 60% beneficiarios perceptores de prestacións/subsidios por desemprego.**
- Obxectivos de **inserción laboral $\geq 35\%$ dos participantes.**
Considérase inserción laboral **contratación ≥ 6 meses ou alta autónomo ≥ 1 ano.**

No territorio do Pacto só desenvolveron estes programas no período analizado os concellos de:

Muxía.

Vimianzo.

AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL


OBXECTO E NORMATIVA

Esta orde ten por finalidade o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito da colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no contorno local.

Normativa:

Orde do 31 de agosto de 2009 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009.

DISTRIBUCIÓN 2009



Galicia \approx 400 técnicos.

Pacto = 25 técnicos, dos cales:

21 en concellos

4 en federacións e asociacións
de empresarios

DIFICULTADES PERCIBIDAS POLOS AXENTES DE EMPREGO

1. O traballo desempeñado polos mesmos non é visible de cara ao exterior.
2. Debería financiarse máis que os custos salariais para que posúan recursos propios.
3. Ao ser persoal do concello, realizan outras tarefas que non forman parte das súas funcións.
4. O posto de AEDL's debería seguir subvencionándose unha vez que o mesmo pasa a ser funcionario do concello, xa que desa forma reduciríase a temporalidade dos contratos.

ORIENTADORES LABORAIS


OBJECTO E NORMATIVA

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ás entidades que realicen accións de información, orientación e busca de emprego articuladas, en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Normativa:

Orde do 30 de decembro de 2008 *pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.*

DISTRIBUCIÓN 2009



22 Orientadores no Pacto


Oficinas de Emprego: 8

Entidades Sindicais: 2


Admón. Local: 12

ENTREVISTAS E IPI'S

Persoas orientadas no Pacto - distribuc. por sexos (%)
2000-2007



IPI ano 2007 no Pacto, por rangos de idade (%)



Das **10.419 entrevistas de orientación** realizadas no territorio do Pacto **entre o 2000 e o 2007**, o **52,26%** dos entrevistados foron persoas **entre 25 – 44 anos**, e destas o **69,61% mulleres**, que supoñen máis do 45% dentro de cada franxa de idade.

No 2007 só se realizaron **29 IPI's na Costa da Morte**, correspondendo o **68,97% a persoas entre 25 e 44 anos**, sendo mulleres o **96,55%**.

Non se dispón de datos referidos aos anos 2008 e 2009.

DIFICULTADES PERCIBIDAS POLOS AXENTES DE EMPREGO

1. **Inestabilidade da rede de orientación laboral:** Na maioría dos concellos non están contratados durante todo o ano, aínda que a subvención o permite.
2. **Temporalidade dos servizos de orientación:** Inadecuación da duración do IPI coa duración do contrato de traballo do orientador.
3. **Ralentización no proceso de posta en marcha do servizo:** En moitos casos, desde que o orientador/a é contratado/a ata que se lle carga a axenda transcorre unha media de 3 meses.
4. **Perda de funcións dos servizos de orientación:** deixaron de poder dar de alta e/ou actualizar o currículo e xestionar ofertas de emprego.
5. **Falta de coordinación entre as entidades colaboradoras do SPEG e as oficinas de emprego:** Os IPI's comezados polos orientadores dos centros colaboradores soen verse interrompidos cando estes finalizan o contrato e as oficinas de emprego non lles dan continuidade.
6. **Falta de busca activa de emprego por parte dos colectivos en situación de desemprego.**
7. **Falta de compromiso por parte dos usuarios dos IPI's:** Maior interese pola axuda económica.
8. **Certo desinterese pola formación se non é a cambio dunha remuneración económica.** Este desinterese dáse sobre todo canto menor é a cualificación profesional.

DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA POR CONCELLOS (2008 – 2009)

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

DESGLOSE POR CONCELLOS 2008

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO 2008							
CONCELLOS	COOPERACIÓN	AEDL	ORIENTACIÓN LAB.	O.E. / E.O.	AFD	PEE	TOTAL
CARNOTA	158.156,58 €	23.454,00	10.687,96 €	0,00 €	0,00 €	0	192.298,54
MUROS	142.313,57 €	23.454,00	10.687,96 €				176.455,53
MUROS	300.470,15 €	46.908,00 €	21.375,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	368.754,07
CAMARIÑAS	234.630,99 €	23.454,00	13.359,95 €		67.632,98		339.077,92
VIMIANZO	321.689,67 €	22.105,25	10.687,96 €			32.685,71	387.168,59
ZAS	138.968,90 €	23.384,66		915.721,20 €			1.078.074,76
SONEIRA	695.289,56 €	68.943,91 €	24.047,91 €	915.721,20 €	67.632,98 €	32.685,71 €	1.804.321,27
MAZARICOS	57.459,96 €	23.454,00					80.913,96
SANTA COMBA	225.745,85 €	23.454,00	9.690,42 €		221.120,46		480.010,73
XALLAS	283.205,81 €	46.908,00 €	9.690,42 €	0,00 €	221.120,46 €	0,00 €	560.924,69
CABANA	92.569,20 €	23.454,00	10.687,96 €				126.711,16
CARBALLO	218.414,94 €	23.454,00	34.735,88 €	1.201.548,22	349.984,97		1.828.138,01
CORISTANCO	81.593,64 €	23.454,00					105.047,64
LARACHA, A	94.334,67 €	23.454,00					117.788,67
LAXE	210.693,71 €	FUNCIONARIO	18.703,93 €				229.397,64
MALPICA	141.075,40 €	23.454,00		920.473,20 €			1.085.002,60
PONTECESO	106.681,92 €	23.454,00					130.135,92
BERGANTIÑOS	945.363,48 €	140.724,00 €	64.127,77 €	2.122.021,42 €	349.984,97 €	0,00 €	3.622.221,64
CEE	248.770,43 €	FUNCIONARIO	13.359,95 €		10.254,81		272.385,19
CORCUBION	161.112,03 €	23.454,00	9.690,42 €				194.256,45
DUMBRIA	238.661,40 €	23.454,00		1.017.468,00 €			1.279.583,40
FISTERRA	136.066,92 €	23.430,43		613.648,80 €			773.146,15
MUXIA	267.044,80 €	NON POSÚE		920.447,29 €		16.342,86	1.203.834,95
FISTERRA	1.051.655,58 €	70.338,43 €	23.050,37 €	2.551.564,09 €	10.254,81 €	16.342,86 €	3.723.206,14
PACTO	3.275.984,58 €	373.822,34 €	142.292,39 €	5.589.306,71 €	648.993,22 €	49.028,57 €	10.079.427,81
GALICIA	54.017.406,00 €	5.909.710,33 €	6.988.505,00 €	20.698.494,74 €	*	2.000.000,00 €	*

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

DESGLOSE POR CONCELLOS 2008

2008	PPR Dec. 08	RATIOS (€/desempregados)						TOTAL
		Cooperación (€/desempr.)	AEDL	Orientación laboral	E.O. /O.E.	AFD	PEE	
CARNOTA	321	492,70	73,07	33,30	0,00	0,00	0,00	599,06
MUROS	721	197,38	32,53	14,82	0,00	0,00	0,00	244,74
MUROS	1.042	288,36	45,02	20,51	0,00	0,00	0,00	353,89
CAMARIÑAS	561	418,24	41,81	23,81	0,00	120,56	0,00	604,42
VIMIANZO	588	547,09	37,59	18,18	0,00	0,00	55,59	658,45
ZAS	335	414,83	69,80	0,00	2.733,50	0,00	0,00	3.218,13
SONEIRA	1.484	468,52	46,46	16,20	617,06	45,57	22,03	1.215,85
MAZARICOS	274	209,71	85,60	0,00	0,00	0,00	0,00	295,31
SANTA COMBA	874	258,29	26,84	11,09	0,00	253,00	0,00	549,21
XALLAS	1.148	246,69	40,86	8,44	0,00	192,61	0,00	488,61
CABANA	342	270,67	68,58	31,25	0,00	0,00	0,00	370,50
CARBALLO	2.886	75,68	8,13	12,04	416,34	121,27	0,00	633,45
CORISTANCO	616	132,46	38,07	0,00	0,00	0,00	0,00	170,53
LARACHA, A	794	118,81	29,54	0,00	0,00	0,00	0,00	148,35
LAXE	308	684,07	0,00	60,73	0,00	0,00	0,00	744,80
MALPICA	409	344,93	57,34	0,00	2.250,55	0,00	0,00	2.652,82
PONTECESO	395	270,08	59,38	0,00	0,00	0,00	0,00	329,46
BERGANTIÑOS	5.750	164,41	24,47	11,15	369,05	60,87	0,00	629,95
CEE	661	376,35	0,00	20,21	0,00	15,51	0,00	412,08
CORCUBION	133	1.211,37	176,35	72,86	0,00	0,00	0,00	1.460,57
DUMBRIA	248	962,34	94,57	0,00	4.102,69	0,00	0,00	5.159,61
FISTERRA	373	364,79	62,82	0,00	1.645,17	0,00	0,00	2.072,78
MUXIA	441	605,54	0,00	0,00	2.087,18	0,00	37,06	2.729,78
FISTERRA	1.856	566,62	37,90	12,42	1.374,77	5,53	8,81	2.006,04
PACTO GALICIA	11.280	290,42	33,14	12,61	495,51	57,53	4,35	893,57
	189.903	284,45	31,12	36,80	109,00	*	10,53	471,89

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

DESGLOSE POR CONCELLOS 2009

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO 2009

CONCELLOS	COOPERACIÓN	AEDL	ORIENTACIÓN LAB.	O.E. / E.O.	AFD	PEE	BANCOS DE TEMPO		TOTAL
							Equipamento	Persoal	
CARNOTA	360.324,08	26.900	8.256,47	721.058,40	27.009,45		1.760	0	1.145.308,40
MUROS	216.668,70	FUNCIONARIO	8.395,36	699.850,80			1.449,92		926.364,78
MUROS	576.992,78	26.900	16.651,83	1.420.909,20	27.009,45		3.209,92	0,00	2.071.673,18
CAMARIÑAS	102.054,35	26.900	24.494,20				1.352,89		154.801,44
VIMIANZO	189.685,82	22.600	8.256,47			24.514,29	1.725,00		246.781,58
ZAS	58.777,37	24.000	NON POSÚE				1.794,00		84.571,37
SONEIRA	350.517,54	73.500	32.750,67		0,00	24.514,29	4.871,89	0,00	486.154,39
MAZARICOS	80.828,16	26.900	NON POSÚE	530.190,00			6.150		644.068,16
SANTA COMBA	243.764,57	26.900	25.186,09		354.728,67		1.760	14.846,09	667.185,42
XALLAS	324.592,73	53.800	25.186,09	530.190,00	354.728,67		7.910,00	14.846,09	1.311.253,58
CABANA	325.845,05	24.700	8.395,36				1.760,00		360.700,41
CARBALLO	222.375,46	24.700	46.052,76		367.272,00			10.000,00	670.400,22
CORISTANCO	218.018,04	26.900	NON POSÚE						244.918,04
LARACHA, A	167.416,80	24.000	NON POSÚE						191.416,80
LAXE	101.686,66	FUNCIONARIO	24.769,41				1.755,60		128.211,67
MALPICA	78.092,70	26.900	8.395,36						113.388,06
PONTECESO	149.227,17	26.900	NON POSÚE						176.127,17
BERGANTIÑOS	1.262.661,88	154.100	87.612,89	0,00	367.272,00		3.515,60	10.000,00	1.885.162,37
CEE	217.853,59	FUNCIONARIO	13.760,79		34.681,32		1.840,00		268.135,70
CORCUBION	106.176,30	26.900	8.395,36						141.471,66
DUMBRIA	204.784,45	26.900	NON POSÚE						231.684,45
FISTERRA	287.804,88	23.800	NON POSÚE						311.604,88
MUXIA	113.765,64	NON POSÚE	NON POSÚE			12.257,14			126.022,78
FISTERRA	930.384,86	77.600	22.156,15	0,00	34.681,32	12.257,14	1.840,00	0,00	1.078.919,47
PACTO	3.445.149,79	385.900	184.357,63	1.951.099,20	783.691,44	36.771,43	21.347,41	24.846,09	6.833.162,99
GALICIA	34.895.505,00	6.347.169,71	3.075.000,00	20.698.494,74	*	2.100.000	87.442,41	382.187,30	67.585.799,16

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

DESGLOSE POR CONCELLOS 2009

2009	PPR Dec. 09	RATIOS (€/Desempleado)								TOTAL
		Cooperación	AEDL	Orientación Laboral	O.E./E.O.	AFD	PEE	Bancos de Tempo		
								Equipamento	Personal	
CARNOTA	325	1.108,69	82,77	25,40	2.218,64	83,11	0,00	5,42	0,00	3.524,03
MUROS	784	276,36	0,00	10,71	892,67	0,00	0,00	1,85	0,00	1.181,59
MUROS	1.109	520,28	24,26	15,02	1.281,25	24,35	0,00	2,89	0,00	1.868,06
CAMARIÑAS	671	152,09	40,09	36,50	0,00	0,00	0,00	2,02	0,00	230,70
VIMIANZO	638	297,31	35,42	12,94	0,00	0,00	38,42	2,70	0,00	386,80
ZAS	404	145,49	59,41	0,00	0,00	0,00	0,00	4,44	0,00	209,34
SONEIRA	1.713	204,62	42,91	19,12	0,00	0,00	14,31	2,84	0,00	283,80
MAZARICOS	300	269,43	89,67	0,00	1.767,30	0,00	0,00	20,50	0,00	2.146,89
SANTA COMBA	871	279,87	30,88	28,92	0,00	407,27	0,00	2,02	17,04	766,00
XALLAS	1.171	277,19	45,94	21,51	452,77	302,93	0,00	6,75	12,68	1.119,77
CABANA	367	887,86	67,30	22,88	0,00	0,00	0,00	4,80	0,00	982,83
CARBALLO	3.510	63,35	7,04	13,12	0,00	104,64	0,00	0,00	2,85	191,00
CORISTANCO	739	295,02	36,40	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	331,42
LARACHA, A	997	167,92	24,07	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	191,99
LAXE	323	314,82	0,00	76,69	0,00	0,00	0,00	5,44	0,00	396,94
MALPICA	519	150,47	51,83	16,18	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	218,47
PONTECESO	439	339,93	61,28	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	401,20
BERGANTIÑOS	6.894	183,15	22,35	12,71	0,00	53,27	0,00	0,51	1,45	273,45
CEE	789	276,11	0,00	17,44	0,00	43,96	0,00	2,33	0,00	339,84
CORCUBION	129	823,07	208,53	65,08	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.096,68
DUMBRIA	319	641,96	84,33	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	726,28
FISTERRA	466	617,61	51,07	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	668,68
MUXIA	507	224,39	0,00	0,00	0,00	0,00	24,18	0,00	0,00	248,57
FISTERRA	2.210	420,99	35,11	10,03	0,00	15,69	5,55	0,83	0,00	488,20
PACTO	13.097	263,05	29,46	14,08	148,97	59,84	2,81	1,63	1,90	521,73
GALICIA	222.839	156,60	28,48	13,80	92,89	*	9,42	0,39	1,72	303,29

RECOMENDACIÓN

RECOMENDACIÓNS

- As especialidades formativas seleccionadas para a súa impartición, tanto en programas mixtos de formación e emprego coma en formación para persoas desempregados, deben ter en conta a realidade do mercado de traballo, enfocándoas aos novos viveiros de emprego, e formando a especialistas nos traballos máis demandados, facilitando así a inserción laboral dos participantes nestes programas.
- Crear un centro de formación comarcal co fin de diversificar a formación e facilitar o acceso á mesma da poboación do Pacto.
- Promover a creación dun sistema de información que permita que tanto os técnicos como a poboación interesada poidan consultar todas as actividades vinculadas ao emprego dentro do territorio do Pacto.
- Fomentar a cultura empresarial entre os/as participantes dos programas mixtos de formación e emprego para a creación do seu propio posto de traballo e poñer en valor este tipo de programas para que tanto os participantes como a poboación en xeral os perciba como unha oportunidade de cualificación profesional para a inserción laboral.
- Establecer liñas de colaboración coas empresas co fin de facer posible a inserción dos participantes nos programas mixtos de formación e emprego e na formación para desempregados.
- Impulsar a creación dunha rede de empresas que colaboren coas entidades na inserción dos alumnos/as que participan nos distintos programas de formación facendo visible a súa implicación co desenvolvemento da Costa da Morte.
- Facer un seguimento dos participantes unha vez finalizados os programas, para comprobar o cumprimento dos obxectivos e aplicar as posibles medidas correctoras.
- Poñer en marcha proxectos de emprego de carácter supramunicipal ou comarcal para maximizar os recursos existentes.
- Ter en conta nos programas de cooperación aquelas actividades con maiores posibilidades de inserción, e non so as máis relacionadas coas necesidades das propias entidades, co fin de mellorar a empregabilidade dos traballadores e as traballadoras á finalización dos seus contratos
- Potenciar os servizos de orientación e fomentar a súa estabilidade co fin de prestar un mellor servizo aos usuarios e poder levar a cabo un maior número de IPI's, así como, a súa realización completa.

METODOLOXÍA

METODOLOXÍA

Para a captación das opinións dos axentes de emprego e orientadores acerca das dificultades das políticas activas de emprego, leváronse a cabo unha serie de reunións cos mesmos para que a través da súa experiencia profesional, fixeran aportacións en canto á problemática que lle atopan ás políticas activas de emprego.